


QUEDADAS NO MUSEO

Resume das xuntanzas no Museo de Historia Natural da SGMN en Ferrol e adianto da seguinte do 7 de xuño



Maio 2024 — nº 8


Resume da actividade
(24/05/2024)



Para esta 8ª QnM contamos coa participación do biólogo mariño Carlos Brezmes Comesaña, quen tivo a ben poñernos ao día sobre a importancia das coleccións históricas de cunchas. Carlos aproveitou para facer tamén un breve pero conciso repaso sobre algúns naturalistas do século XIX que participaron nas antigas expedicións científicas e nas colonias españolas, tal foi o caso de Filipinas.

Como non podía ser doutra maneira, durante a súa presentación soaron nomes como os dos famosos conquiliólogos Patricio María Paz y Membiela (1808-1874) e Joaquín González-Hidalgo y Rodríguez (1839-1923), ambos presidentes da Comisión Científica do Pacífico e, como non, houbo un oco para a colección do Contralmirante Claudio Montero y Gay, que estivo destinado nas Filipinas e onde puido levantar alguna da cartografía das súas costas. A súa colección conquiliolóxica forma parte dos fondos do noso museo, onde o propio Carlos Brezmes en colaboración co socio Daniel Sónora, puido poñer en orde os seus espécimes doados no ano 2003 pola familia San Román, herdeira do militar.

Con Carlos tivemos o gusto de escoitar, ao longo da súa interesante presentación, algunhas anécdotas e comentarios ao respecto do legado de Montero y Gay, como é o caso do desgraciado abandono da súa vivenda en Narón. A este respecto o noso socio Pablo Torrella aproveitou tamén a ocasión para contar algunha curiosidade simpática que foi quen de coñecer a través dun home que estivo a facer o servizo militar no antigo Cuartel Sánchez Aguilera, que é onde hoxe está o Museo de Historia Natural. Contoulle que foi, xunto a outros compañeiros da “mili”, á casa de Montero y Gay ordeado polo entón Coronel do cuartel. Según o relato deste home, «na casa había un pequeno museo de Historia Natural con tartarugas e cunchas xigantes, armas, un crocodilo e... ata un filipino desecado!». Obviamente, referíase ao maniquí do guerreiro samurái que recolle a prensa na ligazón anterior.



Un momento durante a presentación de Carlos Brezmes

Logo da presentación, Carlos Brezmes convidounos a subir á sala expositiva do museo a coñecer de primeira man a colección de Montero y Gay aquí exposta, onde puidemos deleitarnos cos seus amenos comentarios e o seu amplo coñecemento ao respecto da bioloxía e ecoloxía das especies da mostra.

Na visita guiada tivemos a posibilidade de lembrar a visita do ano 2020 do Prof. Benjamín Vallejo, da Universidade de Manila en Filipinas, que estivo no MHNF con varios doutorandos co fin de coñecer en persoa a colección de Montero y Gay.



Un momento durante a visita guiada de Carlos Brezmes á colección Montero y Gay na sala expositiva

Dende o MHNF queremos aproveitar a ocasión para trasladarlle a Carlos Brezmes o noso agradecemento polo seu bo facer e dedicación co museo.

Parabéns pola túa intervención, Carlos.

Estivo todo moi ben e por suposto aprendimos moitas cousas!

Do que falaremos na vindeira QnM (07/06/2024)

- O delegado da SGHN en Ferrol, Xan Rodríguez Silvar, falará da canle da lagoa da Frouxeira (Valdoviño), onde a SGHN colaborou dende novembro de 1984 na recuperación do seu desaugue histórico desviado polas actividades extractivas de area entre as décadas dos 50 a mediados dos 70. Coa actuación plantexada dende a SGHN, repúxose a canle e freouse o proceso de deterioro desta masa de auga.
- Aproveitaremos para anunciar as pertinentes novidades en forma de eventos, publicacións, etc..

As QnM son actividades gratuítas e abertas a todo tipo de público con este tipo de inquiredanzas: persoas vencelladas ao sistema educativo, persoas que polo xeral visitan o museo con carácter libre, público do tipo familiar, xuvenil e infantil...

VÉN E PARTICIPA!



PATROCINA
FERROL